

REGULAMENTO PARA A REALIZACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Aprobado pola Xunta de Escola de 19 de decembro de 2018

Modificado pola Xunta de Escola de 15 de marzo de 2023

PREÁMBULO

O Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, dispón no capítulo III artigo 12.3, que os ensinos de grao concluirán «coa elaboración e defensa dun Traballo de Fin de Grao» (TFG en diante).

A Memoria do Título de Grao en Enxeñaría Forestal, avaliada positivamente pola ANECA, inclúe a elaboración e exposición do referido TFG por parte dos estudantes do derradeiro curso do plano de estudos. A Universidade de Vigo aprobou no Consello de Goberno do 15/06/2016 e modificado o 13/11/2018 o “Regulamento para a realización do Traballo Fin de Grao” como marco xeral para o desenvolvemento dos TFG na mesma. No devandito Regulamento, en atención ás peculiaridades das titulacións de Grao que teña adscritas, establece que cada Centro establecerá dentro do marco xeral, a súa propia regulación interna para o desenvolvemento do TFG, con observancia da debida publicidade da norma.

Artigo 1.-Obxecto

A presente normativa recolle as directrices xerais relativas á definición, elaboración, presentación, defensa, avaliación e tramitación administrativa dos TFG

Artigo 2.-Ámbito de aplicación

1. O contido desta normativa complementase co recollido na Memoria de Verificación do Título de Grao en Enxeñaría Forestal e a normativa e procedementos da Universidade de Vigo en vigor, ou que se puidesen aprobar, referidas ao desenvolvemento e xestión da docencia das titulacións oficiais da Universidade de Vigo.
2. Asemade por tratarse dun título que habilita para o exercicio da actividade profesional regulada, rexerase polo disposto na orde que estableza os requisitos para a verificación do correspondente título, sen prexuízo da aplicación, con carácter subsidiario, do Regulamento para a realización do Traballo Fin de Grao da Universidade de Vigo.

3. A aplicación e interpretación do presente Regulamento corresponderalle á Xunta de Escola e por delegación, á Comisión de Asuntos Académicos.

Artigo 3. Definición do TFG

1. O TFG forma parte como módulo, materia ou disciplina do plan de estudos de todo título oficial de Grao. No seu deseño debe preverse que a súa elaboración, avaliación e cualificación teñan lugar dentro do período previsto para realizar os estudos.
2. O TFG é un traballo persoal e orixinal, tanto no título como no contido, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle demostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociados ao título. En particular, deberá contribuír ao desenvolvemento das seguintes:
 - a) Capacidade para desenvolver a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con un ou varios dos ámbitos de coñecemento presentes no Grao;
 - b) Capacidade para executar o traballo proxectado;
 - c) Capacidade para presentar e defender publicamente o TFG.
 - d) Capacidade para realizar un traballo orixinal para ser presentado e defendido diante dun tribunal universitario, consistente nun proxecto no ámbito das tecnoloxías específicas da Enxeñaría Forestal, de natureza profesional no que se sinteticen as competencias adquiridas nas ensinanzas e materias da carreira.
3. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalgunha materia de calquera outra titulación nesta ou noutra universidade, aínda que pode integrar ou desenvolver traballos parciais previos feitos na actividade doutras materias da titulación.
4. O feito de que o TFG sexa un labor persoal e individual non exclúe que, para desenvolver unha proposta de envergadura suficiente, poidan participar varios/as estudantes, cada quen cunha parcela precisa da tarefa global; este feito será autorizado pola Comisión Académica previo informe favorable do Coordinador do Módulo do TFG . Neste caso o estudantado implicado nun mesmo traballo compartirá a persoa titora e poderá ter o mesmo tribunal de avaliación, mentres que a presentación e defensa e a avaliación serán individuais para cada unha das partes.
5. O TFG poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso existirá

a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión administrativa da realización e defensa.

6. Cada estudante ten dereito ao recoñecemento da autoría do TFG elaborado e á protección da súa propiedade intelectual. A titularidade dos dereitos derivados pode ser compartida coas persoas titoras, coas cotitoras e coas entidades públicas ou privadas ás que pertencen, nos termos e condicións previstas na lexislación vixente.

A persoa titular dos dereitos poderá autorizar a difusión do seu traballo no repositorio institucional da Universidade de Vigo; debendo, no caso de varias persoas titulares, todas elas estar de acordo na dita autorización. En calquera caso, a decisión final da publicación dos traballos no repositorio institucional da Universidade deberá ser aprobada pola Comisión Académica.

7. Os TFG desenvolvidos nas instalacións dunha entidade colaboradora poden conter información que requira ser tratada coa debida confidencialidade. Nese caso atenderase a disposición novena do Convenio específico de colaboración para realizar Traballos Fin de Estudo (Grao ou Mestrado) entre a Universidade de Vigo e a entidade colaboradora así como ao establecido no Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.
8. O TFG terá a súa guía docente axeitada a normativa correspondente e única para cada titulación.
9. A redacción do TFG debe respectar o emprego dunha linguaxe inclusiva.

Artigo 4.-Matriculación do traballo de fin de grao

1. Para poder matricularse no TFG será requisito imprescindible ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.
2. A matrícula do TFG realízase nos períodos oficiais de matriculación dos estudos de grao e dá dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico, sempre que se dean as condicións do punto 1 do presente artigo e no artigo 7.10.

3. A validez da matrícula do TFG será a mesma que a de calquera outra materia e, polo tanto, remata o último día hábil do curso académico.
4. No caso de que o/a estudante teña depositado o traballo no Centro e conte co informe favorable de seu titor ou titora antes da data límite de entrega de actas da convocatoria de xullo pero non reúna os requisitos para poder defender o traballo por ter materias pendentes, deberá formalizar unha nova matrícula noutro curso académico.

Artigo 5.-Titorización do TFG

1. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFG forman parte das obrigas docentes do profesorado. A forma do seu recoñecemento virá establecida pola normativa propia da Universidade de Vigo.
2. Os TFG realizaranse baixo a supervisión e dirección dunha ou varias persoas que exercerán as tarefas de titorización. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao TFG, así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a súa presentación e defensa.
3. Deberá actuar como persoa titora calquera profesor do Grao en Enxeñaría Forestal, así como, excepcionalmente, e coa autorización da Comisión Académica, profesores doutras titulacións da Universidade de Vigo. Se a natureza do TFG o requirise, poderanse establecer equipos titoriais que asumirán as tarefas de titorización nos termos que estableza a Comisión Académica.
4. Cando se dean casos de baixa prolongada ou finalizase a súa vinculación coa Universidade de Vigo, a Comisión Académica será o responsable da substitución dos titores a petición dos estudantes, dos mesmos ou de oficio no seu defecto.
5. Un/Unha estudante poderá solicitar á Escola que o seu TFG teña tratamento de confidencialidade. Nese caso atenderase ao disposto no punto 1 do Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.

Artigo 6.-Asignacións da titorización e da temática do TFG

1. Garantiráselle a todo o estudiantado matriculado no TFG a titorización correspondente así como a posibilidade de desenvolver traballos con temas relacionados cos contidos específicos da titulación.
2. O estudante deberá presentar no prazo de 15 días naturais dende a data de finalización do prazo de matrícula correspondente ó segundo semestre unha proposta de TFG.
3. A devandita proposta deberá incluír como mínimo:
 - a) Unha memoria explicativa do proxecto que se pretende realizar, que inclúa Título, antecedentes, xustificación da necesidade que se intenta cubrir ou solución ó problema plantexado, obxectivos, tecnoloxía a empregar e resultados agardados.
 - b) Métodos, sistemas ou ferramentas mecánicas, electrónicas ou informáticas, equipamento, materiais, maquinaria ou outros recursos, previstos na realización do TFG.
 - c) No seu caso, soporte gráfico ou cartográfico do lugar onde se pretende realizar o TFG.
 - d) Tempo estimado ou cronograma para a realización do TFG.
 - e) Proposta de Titor/a ou Titores do TFG coa aceptación provisional por parte do mesmo.
4. O coordinador do módulo do TFG estudará a adecuación de dita proposta ó contido da Memoria de Verificación de Grao en Enxeñaría Forestal, elevando, aqueles que cumpran as citadas condicións, á Comisión Académica do Centro. En caso contrario solicitaranse as consultas, aclaracións ou informes complementarios ó Titor do TFG proposto, ós outros coordinadores de módulos, ás áreas de coñecemento ou a outros órganos do Centro.
5. A Comisión Académica, unha vez recibidas as propostas, estudará e aprobará, no seu caso, ditas solicitudes, facendo pública a correspondente resolución. Poderase reclamar fronte a estas adxudicacións ou en caso de non aprobación da proposta, no prazo de sete días naturais diante da Comisión Académica.
6. No caso de non atopar director, e se a proposta fora aceptada pola Comisión Académica, esta asignaralle de oficio un titor académico en harmonía coa temática do TFG.
7. A adxudicación da titorización e da temática para o TFG terá unha validez máxima de dous cursos académicos. Unha vez transcorridos terá que volver a realizarse un novo proceso de adxudicación.
8. Mediante solicitude motivada perante a Comisión Académica, o/a estudante poderá solicitar un cambio na dirección ou tema do seu TFG. Do mesmo xeito a persoa titora poderá solicitar o cambio de estudante asignado e de temas ofertados.

Artigo 7.-Presentación e solicitude de defensa do TFG

1. Cada TFG presentarao e defenderao o seu autor ou autora ante un tribunal que o avaliará e cualificará. O Centro, atendendo a criterios organizativos e de programación docente, establecerá a celebración das datas de defensas dos TFG, de acordo cos periodos de avaliación sinalados no calendario académico para cada cuadrimestre.
2. A solicitude de exposición, presentarase perante á Comisión Académica 7 días antes das datas establecidas para as respectivas convocatorias no calendario oficial de exames para a defensa do TFG.
3. Nembargantes o establecido no anterior apartado, a Comisión Académica poderá establecer motivadamente prazos extraordinarios de presentación e solicitude de defensa. Neste caso, tamén determinará os prazos para entrega da correspondente documentación.
4. A solicitude deberá ir acompañada da versión electrónica do TFG, segundo os formatos e requerimentos establecidos pola Comisión Académica, co visto e prace do titor/a académico, xunto cun resumo de non máis de tres páxinas no que conste, a lo menos, a exposición de motivos, a metodoloxía empregada e as conclusións. Ademáis deberá presentarse un póster seguindo as normas establecidas pola Comisión Académica. Poderá aportarse a documentación ou material adicional que se estime oportuno para que sexa tomada en consideración pola Comisión Académica ou polo Tribunal avaliador. Toda a documentación referida neste punto deberá ser entregada a través da plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo (MOOVI), accesible en <https://moovi.uvigo.gal/>, para o que se habilitarán os espazos e períodos de entrega oportunos.
5. A efectos de avaliación, o titor deberá xerar o informe de conformidade de defensa dispoñible a través da Secretaría Virtual da Universidade de Vigo. Este informe acompañará a documentación referida no punto anterior.
6. a) Previa a avaliación pola Comisión Académica, cada TFG deberá dispor dun informe antiplaxio emitido polo programa antiplaxio otorgado a Escola pola Universidade de Vigo.
b) A Comisión Académica analizará o informe antiplaxio e determinará si o TFG correspondente cumpre cos requerimentos establecidos.
7. A Comisión Académica, en sesión na que será convocado o Coordinador do Módulo do TFG, avaliará o documento, podendo rexeitar, aprobar ou aprobar condicionadamente ao cumprimento dos requisitos, melloras ou correccións que se estimen. No momento no que o TFG sexa aprobado definitivamente procederase a súa defensa.

8. No caso de depósito dun TFG que requira tratamento de confidencialidade, deberá aplicarse o disposto no punto 2 do Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.
9. Unha vez que a Comisión Académica declare que a documentación presentada é válida para a defensa pública, ésta poráse a disposición dos membros do tribunal por vía telemática a lo menos 3 días antes do acto de defensa.

Os contidos dos TFG dispoñibles non poderán ser utilizados, publicados nin difundidos sin consentimento expreso do autor/a, e do Titor/a no caso de que os dereitos sexan compartidos.

10. A defensa do TFG realizada polos/as estudantes será con carácter xeral pública e presencial. A Comisión Académica, con carácter excepcional e tras a petición formal e motivada polo/a estudante, co visto e prace do titor/a e cotitor/a, poderá autorizar a defensa a distancia de forma virtual, sempre e cando concorran as condicións técnicas, administrativas e económicas que permitan a súa viabilidade.
11. O TFG só poderá ser defendido e avaliado cando se teña constancia de que o/a estudante superou tódolos créditos necesarios para a obtención do título de grao, agás os correspondentes ao propio TFG. A Comisión Académica deberá verificar que se cumpren estes requisitos para autorizar a súa presentación. Para estes efectos, no caso de que na data límite de entrega de actas das materias aínda non se recepcionaran tódalas actas, a Secretaría do Centro solicitará do profesorado encargado desas materias que informen sobre as cualificacións do estudantado que solicita defensa para esa convocatoria.
12. Excepcionalmente, a Comisión Académica, atendendo a criterios obxectivos, poderá autorizar a defensa do TFG condicionada a que o/a estudante poida acadar os requisitos previstos no punto 10 do presente artigo nun período de tempo que non supere os prazos da convocatoria de xullo do curso correspondente.

Neste suposto, a avaliación do TFG atenderá ao disposto no artigo 10.7.

Artigo 8.- Tribunal Avaliador do TFG.

1. A Comisión Académica nomeará para cada TFG un tribunal de avaliación entre o profesorado da titulación. O tribunal estará formado por un máximo de cinco membros, de xeito que

preferentemente a lo menos un membro sexa do equipo directivo ou o coordinador do módulo do TFG, e o resto forme parte do cadro docente do Centro. A estes efectos, o/a estudante, de acordo co titor/a, presentará obrigatoriamente, xunto coa solicitude de defensa, unha proposta de a lo menos 4 membros do PDI, diferentes dos antes mencionados, coa aceptación formal de participar no tribunal avaliador. A Comisión Académica nomeará os restantes membros do tribunal entre os da proposta anterior.

Os nomeamentos como membro dun tribunal avaliador implican a obrigatoriedade de actuar no mesmo na data que se fixe para a defensa.

O tribunal considerarase validamente constituído na data da defensa cando estea formado polo menos por tres membros que exercerán presidencia, secretaria e as funcións de vogal.

2. No caso dun TFG que requira tratamento de confidencialidade, deberá aplicarse o disposto no punto 3 do Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.
3. De maneira excepcional, a Xunta de Centro ou comisión delegada por esta, poderá autorizar que formen parte do tribunal de avaliación outro persoal docente de titulacións afíns, profesionais colaboradores ou membros de institucións externas á Universidade de Vigo que posúan unha titulación de nivel igual ou superior ao Grao, que poderán actuar en calidade de vogais, con voz e voto.
4. Excepcionalmente e por causas de forza maior, si non fose posible a constitución do tribunal nos termos previstos no punto 1 do presente artigo, facúltase ao Director, ou persoa na que delegue, para que nomee de urxencia aos membros necesarios para compretar o tribunal entre os membros do PDI do Centro.
5. As persoas titoras poderán estar presentes con dereito a voz no acto de defensa.

Artigo 9.- Acto de defensa do TFG

1. O acto de presentación será realizado polo/a estudante en sesión pública na data e hora asignada pola Comisión Académica.
2. O/A estudante exporá nun tempo máximo de vinte minutos un resumo do TFG e dos principais obxectivos, metodoloxía, resultados e conclusións acadados. Posteriormente,

os membros do Tribunal avaliador realizarán as preguntas, observacións e consideracións que consideren oportunas.

3. Cando se trate dun traballo realizado en equipo, o Tribunal adaptará o acto de presentación en atención aos seus integrantes e tendo de conta que deberá cualificar de modo separado a cada un deles.
4. No caso dun TFG que requira tratamento de confidencialidade, o acto de defensa deberá facerse de acordo co disposto no punto 4 do Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.

Artigo 10.- Avaliación e cualificación do TFG

1. O tribunal de avaliación do TFG deliberará sobre a cualificación destes proxectos sometidos a súa defensa, tendo en conta a documentación presentada por cada estudante, e a exposición e defensa pública dos traballos.
2. No caso dun TFG que requira tratamento de confidencialidade, a avaliación deberá facerse de acordo co disposto no punto 4 do Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.
3. A cualificación global terá en conta, polo menos, a calidade do traballo e o material complementario entregado, o grao de adquisición de contidos e competencias específicas e transversais da titulación, a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do/a estudante, e o informe do titor ou titora, si é o caso.
4. A cualificación final será a resultante da media aritmética das notas atribuídas por cada un dos membros do Tribunal avaliador. Neste punto o Tribunal rexeráse polo disposto nas Normas de Xestión Académica para as titulacións de Grao vixentes na Universidade de Vigo.
5. Ao remate da avaliación e cualificación da totalidade do TFG, o Tribunal avaliador poderá conceder a mención de matrícula de honra de conformidade coa normativa do anterior punto.

6. No caso de que o TFG non acadase a cualificación mínima de aprobado (5), o Tribunal deberá indicar aqueles aspectos susceptibles de corrección e mellora, así como as recomendacións oportunas para conseguir a devandita cualificación. No anterior suposto, o/a estudante poderá presentar novamente o TFG modificado á consideración do Tribunal avaliador nas posteriores convocatorias.
7. No prazo de cinco días contados dende a celebración do acto de presentación, o/a estudante poderá solicitar a revisión da cualificación outorgada ao TFG. Na solicitude de revisión deberán constar, expresa e motivadamente, os aspectos concretos do TFG que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada. No prazo de quince días a contar dende a presentación da devandita solicitude, o Tribunal avaliador resolverá fundamentadamente.
8. A entrega de actas dos traballos de fin de grao estará rexida polos tempos máximos prefixados para a entrega de actas de cada cualificación en cada convocatoria e pola data de inicio administrativo do novo curso académico. O TFG debe ser cualificado en acta unha vez que se teña constancia de que o/a estudante dispón de todos os créditos necesarios para obter o título oficial de grao, salvo os correspondentes ao propio traballo, xa sexa por superación das materias correspondentes ou por recoñecemento.
9. O Presidente do tribunal de avaliación será o responsable de xerar e tramitar a acta correspondente.

Artigo 11.- Arquivo do TFG

Os TFG que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo de TFG baixo a custodia da Escola de Enxeñaría Forestal.

Habilitarase un repositorio cos resumos do TFG defendidos que estará accesible por vía telemática.

A difusión pública dun TFG que requira tratamento de confidencialidade, deberá facerse de acordo co disposto no punto 5 do Protocolo de confidencialidade para o desenvolvemento de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado en empresas, centros de investigación, ou outras institucións externas á Universidade de Vigo.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Xunta de Centro.